

O MODERNO SHERLOCK HOLMES+ UNHA SEMANA

536

Buster Keaton, 1924

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 5 e 13 de xuño | V.O.S.E.

Sherlock Jr. (1924, 45')

Dirección: Buster Keaton

Guión: Clyde Bruckman, Jean Havez, Joseph Mitchell

Elenco: Buster Keaton, Kathryn McGuire, Joe Keaton, Ward Crane, Erwin Connelly, Jane Connelly

Montaxe: Roy B. Yokelson, Buster Keaton

Dirección de arte: Fred Gabourie, Ernie Orsatti, Walter C. Reed

Vestuario: Clare West

Fotografía: Elgin Lessley, Byron Houck

Produtora: Buster Keaton Productions (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

—

One Week (1920, 24')

Dirección: Buster Keaton, Edward F. Cline

Guión: Buster Keaton, Edward F. Cline

Elenco: Buster Keaton, Sybil Seely, Joe Roberts

Montaxe: Buster Keaton

Fotografía: Elgin Lessley

Produtora: Metro Pictures Corporation (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El héroe del río, 1928

El cameraman, 1928

El maquinista de la general, 1926

Siete ocasiones, 1925

El navegante, 1924

Le ley de la hospitalidad, 1923

Las tres edades, 1923

PREMIOS E FESTIVAIS

National Film Preservation Board 1991

SINOPSE

Buster Keaton é un proxeccionista que soña con ser un detective cando, milagrosamente, se encontra dentro do filme que está a proxectar. Alí tentará salvar a súa amada das poutas do vilán. Unha das máis aclamadas fitas de cinema mudo cheo de gags visuais do sempre xenial Buster Keaton.

«Unha das comedias máis sublimes de todos os tempos. Keaton desenvolveu un estilo cómico que era tan intelectual como físico»

Kenneth Turan, LOS ANGELES TIMES



O gran cara de pau

Por Jack Avery

Ao longo da súa carreira, Buster Keaton nunca foi considerado como un realizador social ou politicamente comprometido. En contraste co comentario social evocado por Chalot ou reflectido polo personaxe de Harold Lloyd, Keaton foi sempre coñecido como un *funny man*, unha estrela da comedia *slapstick* máis física. Porén, nos últimos anos o traballo de Keaton está a ser revalorizado, estudado e posto en valor pola súa profundidade de significado. Os seus filmes reflexan cuestións como a identidade, a alienación e o individuo na esfera social, xunto cun intelixente uso da autoreflexividade do cinema e a descuberta de anovadoras técnicas cinematográficas. O filme que encabeza esta redescuberta do xenio de Keaton é, sen dúbida, *O moderno Sherlock Holmes* (1924).

Esta obra mestra sitúase na segunda metade da era silente, con Keaton facendo de director e estrela protagonista. Atopámonos ante unha obra incrivelmente imaxinativa, que bota man de pioneiras técnicas que entroncan co ideal brechtiano de reflexión sobre o propio medio e unha exploración da liña que separa realidade e ilusión no cinema. Isto é particularmente evidente na escena na que o protagonista cae durmido mentres proxecta un filme e penetra en soños na pantalla da sala. Esta escena funciona como epítome da exploración do cinema e a realidade. Está gravada desde lonxe, respectando o marco que crea a propia pantalla, xerando unha consciencia no espectador sobre o seu propio papel. Esta

escena ironiza tamén sobre as convencións do cinema de Hollywood. Cando o mozo entra no mundo do cinema, a escena que o rodea muda constantemente, dunha rúa ateigada a un cantil ou unha manda de leóns. A narrativa do filme podería resultar complexa pero Keaton consegue suavizalo a través de brillantes gags que encaixan a escena na narrativa global do filme.

O moderno Sherlock Holmes ofrece tamén un interesante comentario social. O personaxe de Keaton non se propón desafiar o estado das cousas, senón que se esforza por cumprir converténdose nun *outsider* que tenta unha e outra vez conectar cos outros. A pesar de ser enganado ou rexeitado por numerosas persoas nunca expresa o seu resentimento, e cando o fai é a través de sutís xestos e matices. Fica sempre etoico e firme, facendo honra ao seu alcume: o gran cara de pau.

strangeenlightenments.wordpress.com

A primeira reivindicación do estilo Keaton

Por Daniel Eagan

O historiador Kevin Brownlow sitúa *Unha semana* nunha serie de filmes supostamente didácticos sobre a construción de casas prefabricadas coñecidas como as «Ford Educational Weekly». Keaton parte desta premisa para poñer en escena a súa particular loucura, imaxinando unha serie de erros, equívocos

e dúbidos sentidos. Esta era tamén unha oportunidade para xogar cunha escala de produción até o momento inalcazabel para Keaton, que incluía a construción dunha casa de tamaño real nos Metro Studios. Keaton restrinxe os planos da casa en construción até que está completamente construída, centrando os gags no propio proceso de ensamblaxe. Cada gag está cooidadosamente elaborado e nunca decepciona as expectativas do seu público.

Moitos dos xogos visuais de *Unha semana* aparecerán máis adiante, reelaborados ou refinados, en célebres filmes do autor. Un exemplo paradigmático é a escena na que unha parede enteira case sobre Keaton, que se salva ao situarse no oco da ventá e que foi reutilizada na memorábel *El héroe del río* (1928). *Unha semana* inclúe abraiantes trucaxes que moi poucos actores chegaron a tentar. O filme non opera só unha parodia do *do-it-yourself* da casa mecanizada, senón que amplía esta idea dun xeito tan divertido como satisfactorio. A obra recibiu excelentes críticas na súa estrea, xusto despois do Día do Traballo, cun cartaz que a anunciaba como a comedia sensación do ano. *Unha semana* foi a primeira gran reivindicación da comedia ao estilo Keaton, servíulle para gañar confianza e, pouco despois, fundar a súa propia produtora, na que prepararía o terreo para o formato longo, sen perder a súa querencia pola innovación formal e narrativa en *Las tres edades* (1923).

Publicado en *America's Film Legacy: The Authoritative Guide to the Landmark Movies in the National Film Registry* (Bloomsbury Academic, 2009)

Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondennumax